

# CERTAME FOTOGRÁFICO



Co gallo de fomentar a creación artística entre o alumnado do IES Lucus Augusti e, ao mesmo tempo, lembrar a celebración do 175 aniversario da creación deste centro, convócase un certame fotográfico coas seguintes bases:

1º.- Tema: ***O Instituto Lucus Augusti***

No caso de apareceren persoas nas fotos, non se aceptarán arquivos fotográficos con contidos contrarios ao dereito á intimidade ou á imaxe das persoas, nin ningún outro contrario á legalidade vixente.

2º.- Establécense dúas categorías:

**A** (1º- 3º ESO)

**B** (4º ESO e BAC e Ciclos)

3º.- Cada participante poderá presentar un máximo de **cinco** fotografías, en cor ou en branco e negro, en formato dixital (Non se aceptarán fotografías realizadas por persoas distintas ao autor ou que non sexan propiedade do autor).

4º.-As fotografías deberán enviarse nun arquivo ao seguinte correo electrónico: [ieslucusaugusti@ieslucusaugusti.es](mailto:ieslucusaugusti@ieslucusaugusti.es) poñendo un título a cada foto e indicando o nome e apelidos, así como o curso ao que pertence o autor/a.

5º.- O prazo de envío de fotografías finalizará o **15 de decembro** de 2017, ás 14.15 h.

6º.- Haberá dous **premios** consistentes en dúas táblets (unha por categoría), diplomas e lotes de libros. O xurado, que estará composto por profesorado do Departamento de Educación Plástica e Visual e da Comisión do Centenario, poderá outorgar os accésits que considere oportunos, dotados de diploma e lote de libros.

7º.- Na revista escolar, no blog da Biblioteca e na páxina web do centro publicaranse os traballos premiados en ambas categorías. Se a organización o estima oportuno, realizará unha exposición coas mellores fotografías presentadas.